

# **PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

**CURSO 2020-21**

**I.E.S. FERNANDO ESQUÍO-NEDA**

## **INDICE**

- 1. DATOS XERAIS - pax 3**
- 2. INTRODUCCIÓN -pax 4**
- 3. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DO CONTEXTO - pax 5**
- 4. AVALICACIÓN DE NECESIDADES -pax 7**
- 5. OBXECTIVOS XERAIS -pax 9**
- 6. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN, ACTIVIDADES E PROGRAMAS -pax 11**
  - a. Atención á diversidade -pax 11**
  - b. Acción tutorial. -pax 16**
  - c. Orientación Académico-profesional. -pax 18**
  - d. Actividades relacionadas coa convivencia no centro. -pax 22**
  - e. Actuación cos centros adscritos. -pax23**
- 7. METODOLOXÍA -pax 24**
- 8. RECURSOS -pax 25**
- 9. AVALIACIÓN -pax 26**
- 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES -pax 27**

## 1. DATOS XERAIS

O departamento de orientación do IES Fernando Esquíó no curso 2018-19 está constituído polos seguintes membros:

- Xefa do departamento de orientación do IES Fernando Esquíó: Ana Isabel Hermida Rivera.
- Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica: Nieves González Pérez
- Xefa dos departamentos de orientación dos centros de primaria adscritos CEIP San Isidro e CEIP Maciñeira.

Asimesmo, integrarase no Departamento de Orientación a tódolos titores, a través das reunións de carácter mensual do departamento. Faranse as reunións cos titores por niveis, mensualmente.

## 2. INTRODUCCIÓN

O presente documento constitúe o marco de actuación do Dto. De orientación do IES Fernando Esquí para o curso 2020-21.

O departamento consta este curso, dunha orientadora, que é a Xefa do Dto, e unha mestra de Pedagogía Terapéutica.

Destacar que existe no centro un número bastante elevado de alumnado susceptible de recibir medidas de apoio educativo e atención á diversidade. A atención a este alumnado abórdase no centro de dous xeitos diferentes: Por un lado, está a atención directa da mestra de PT, tanto con apoios dentro da aula como con atención a alumnos/as individuais ou grupos reducidos fóra da aula; e por outro os desdobres que se realizan nalgúns cursos e materias para atender ao alumnado que precisa medidas de Reforzo Educativo.

### **3. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DO CONTEXTO**

O IES Fernando Esquíó está ubicado no Concello del Neda, sendo éste un concello cunha poboación distribuída entre un pequeno núcleo urbano, por unha parte, e áreas rurais bastante dispersas, por outra.

A extracción socioeconómica do alumnado do centro, aínda que variada, podemos dicir que é en moitos casos de nivel socio-económico e cultural medio-baixo, sendo unha zona bastante deprimida e con escasos recursos de todo tipo.

O número de alumnos/as do IES é de 196

A oferta do centro e o alumnado deste presente curso, distribúese do seguinte xeito:

- **1º de ESO:** 31

- **2º de ESO:** 31

- **3º de ESO:** 40

- **4º de ESO:** 36

- **1º de BACHARELATO:** 42

- **2º de Bacharelato:** 16

## **CENTROS ADSCRITOS**

Están adscritos ao IES Fernando Esquío os centros públicos de Educación Infantil e Primaria do concello de Neda:

- CEIP Maciñeira.
- CEIP San Isidro

Estes dous centros comparten unha orientadora, que forma asimismo parte do Departamento de Orientación do IES Fernando Esquío, e coa que se trata de coordinar especialmente a transición do alumnado de 6º de primaria ao IES.

Aparte dos centros adscritos, tamén recibimos alumnado procedente doutros centros, especialmente dos seguintes:

Na ESO, procedentes de :

- CEIP Ponte de Xubia (Narón).
- CEIP Piñeiros ( Narón).
- CEIP Mosteiro de Caaveiro ( A Capela)

En Bacharelato procedente de:

- CPI San Sadurniño

#### **4. AVALIACIÓN DE NECESIDADES**

As necesidades máis destacadas de cara ao curso 2020-21 céntranse nos seguintes aspectos:

##### **Relativas ao centro:**

- Colaborar na implementación do Plan de Convivencia do centro, e por en marcha o Plan de Mediación.
- Colaborar na detección de alumnado con n.e.e. e na proposta das medidas curriculares e organizativas máis axeitadas en cada caso.

##### **Relativas ao alumnado:**

- Necesidade de realizar a avaliación psicopedagóxica aos alumnos/as con n.e.e. que o precisen.
- Necesidade de propor medidas de Reforzo Educativo, Adaptación Curricular Significativa, e outras medidas de apoio á aprendizaxe que poidan precisar alumnos/as dos diferentes cursos.
- Necesidade de dar unha resposta educativa integral aos alumnos/as que presenten necesidades educativas máis extraordinarias, incidindo de xeito especial no alumnado que presenta problemas graves de conducta e/ou de tipo psicosocial.
- Necesidade de realizar unha orientación vocacional adaptada ás diferentes tipoloxías de alumnado do centro.

### **Relativas ás familias:**

- Necesidade de fomentar a maior implicación posible das familias no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as, establecendo coas mesmas unha comunicación regular e fluída.
- Necesidade de aportar información ás familias de xeito xeral sobre as novidades que se están a producir no sistema educativo, de xeito que poidan participar con coñecemento nas decisións sobre o itinerario académico-profesional dos seus fillos/as.
- Necesidade de manter un contacto frecuente cos pais/nais ou titores legais daqueles alumnos/as que precisan medidas de atención á diversidade ou problemas de conducta, para informalos das actuacións que se levan a cabo no centro, e proporlles pautas de actuación cos nenos na casa.

### **Relativas ao profesorado**

- Necesidade de manter unha estreita colaboración cos titores para o desenvolvemento de actividades de titoría grupal e individual.
- Necesidade de colaborar coa mestra de Pedagogía Terapéutica na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais máis significativas.
- Necesidade de asesamento aos profesores no referente a elaboración de ACS e no referente a tódalas medidas de atención á diversidade, tanto ordinarias como extraordinarias.



## 5. OBXECTIVOS XERAIS

Partindo das necesidades detectadas, establécense os seguintes obxectivos xerais para o Departamento de Orientación no curso 2020-21:

- a. Participar na posta en marcha do Plan de Mediación
- b. Realizar as avaliación psicopedagóxicas necesarias ao alumnado con necesidades educativas especiais e propor medidas curriculares e organizativas para a mellor atención a este alumnado.
- c. Asesorar ao profesorado no procedemento de elaboración das ACS e no seu seguemento.
- d. Colaborar coa mestra de PT na detección de necesidades de apoio do alumnado e na proposta de medidas de atención en cada caso.
- e. Establecer canles de comunicación coas familias a nivel xeral, e a nivel individual no caso de alumnos con problemas de aprendizaxe e/ou de conducta.
- f. Manter contacto con entidades que poden colaborar de diferentes maneiras no apoio ao alumnado e ás familias con dificultades co fin de establecer unha coordinación e optimización dos recursos. Algunhas destas entidades poderían ser os Servicios Sociais municipais, os/as orientadores laboráis ou técnicos de emprego dos concellos, a Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil, asociacións de prevención de dependencias, entidades que atenden a persoas con discapacidade....
- g. Facilitar a transición do alumnado de 6º de primaria ao IES, cando comencan a etapa de ESO.

- h. Asesorar ao alumnado e ás familias no deseño do itinerario académico-profesional máis axeitado para cada alumno/a.
- i. Facilitar aos titores/as recursos para traballar nas titorías.
- j. Organizar actividades complementarias e extraescolares relacionadas coa educación en valores, coa orientación académico-profesional, coa promoción de hábitos de vida saudables...

### **ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID-19**

Os obxectivos serán abordados con actividades presenciais cando sexan posibles, e cando pola situación relativa ao Covid non se poida facer deste xeito, utilizarase a Aula Virtual para colgar información e propostas, e empregarase tamén o correo electrónico como vía de comunicación co alummndo,familias e profesorado.

## **6. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN, ACTIVIDADES E PROGRAMAS**

### **A.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

#### **OBXECTIVOS**

- Colaborar co profesorado no referente á detección o máis rápida posible das necesidades educativas especiais que poden presentar algúns alumnos/as e elaborar propostas para proporcionar a resposta educativa máis axeitada ás características e necesidades de cada alumno/a.
- Propoñer as medidas que se consideren máis axeitadas en cada caso para contribuir á mellora do proceso de aprendizaxe do alumno/a e facer un seguimento da aplicación e resultado das medidas propostas.
- Asesorar ó profesorado, ó alumnado e as familias no referente ós criterios de avaliación, promoción e titulación.
- Asesorar ao profesorado, alumnado e familias, dos diferentes protocolos de actuación establecidos no ámbito da atención á diversidade.
- Comunicar ao profesorado os casos de alumnos aos que polas súas características, é preciso aplicar algún dos protocolos dentro do marco de atención á diversidade, tan pronto como se teña coñecemento do diagnóstico do alumno/a.

- Facer un seguimento do funcionamento das medidas de atención á diversidade que se leven a cabo (clase de P.T., desdoblamentos, ACS, ...), co obxecto de recoller información que nos permita mellorar en todo o posible a eficacia das mesmas, e, en base ás conclusións que vaíamos obtendo este curso, introducir para o próximo as modificacións oportunas.
- Conseguir o máximo progreso posible no proceso de aprendizaxe dos alumnos/as con n.e.e. partindo do seu nivel de coñecementos previos e respetando o seu estilo e ritmo de aprendizaxe.
- Facilitar a consecución por parte dos alumnos/as dun autoconcepto axeitado, con coñecemento das súas capacidades e limitacións.
  - Fomenta-la valoración do esforzo persoal para supera-las dificultades.
  - Realizar unha avaliación sistemática e continua da evolución no proceso de aprendizaxe dos alumnos con n.e.e. na que se tomen como referencia o progreso do alumno con respecto á súa situación inicial e non con respecto á norma ou nivel esperado no ciclo e na etapa educativa na que se atopa.
  - Favorece-la integración no centro e no grupo-clase dos alumnos con necesidades especiais.
  - Tratar de establecer e fortalecer uns vínculos de colaboración coas familias de cara a facilita-la mellora no desenvolvemento académico e persoal do alumno.

## ACTUACIONES

- Participar nas sesión de avaliación inicial que se convocan por parte da Xefatura de Estudos, co dobre obxectivo de aportar ao profesorado a información que consta no departamento de orientación sobre o alumnado con necesidades educativas especiais, e de recoller aquela información que aporte o profesorado a raíz da súa avaliación inicial; tratando entre todos de propor as medidas máis axeitadas a nivel curricular e organizativo de cara a ofrecer a mellor atención posible ao alumnado, tendo en conta sempre a obrigatoriedade da aplicación dos protocolos pertinentes nos casos nos que nos consten diagnósticos como TDAH, TEA...Ditos protocolos serán facilitados pola orientadora ao profesorado.
- Realizar as avaliación psicopedagóxicas que sexan solicitadas polos titores/as ou polos pais/nais dos alumnos, e os correspondentes informes psicopedagóxicos, así como realizar o seguemento daqueles alumnos que xa na etapa ou curso anterior tiveron informe psicopedagóxico.
- Asesorar ao profesorado, alumnado e familias sobre os criterios de avaliación, promoción e no seu caso titulación aplicables segundo a normativa vixente.
- Asesorar ao profesorado no proceso de elaboración das ACS.
- Colaborar co profesorado e especialmente coa mestra de Pedagogía Terapéutica no seguemento do alumnado con necesidades educativas especiais e ou con problemas de conducta.

- Reunións periódicas cos de titores/as, nas que se tratarán, entre outros temas, o referente ós casos de alumnos con dificultades para acadar os obxectivos, e tratarase de consensuar a opción máis recomendable para cada un deles.
- Manter entrevistas coas familias dos alumnos obxecto de alguna medida de atención a diversidade, para informar das medidas de apoio que se levan a cabo no centro e para tratar de acadar a maior implicación posible das familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos, en colaboración co centro.
- Establecer contacto e coordinación con entidades que poidan prestar algún tipo de apoio ao alumnado con necesidades de tipo psicosocial. Tratarase de manter reunións periódicas cos responsables da atención ao alumnado con nee ou necesidades de tipo psicosocial, fóra do centro, e deseñar liñas de actuación conxuntas.

### **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PREVISTAS PARA ESTE CURSO**

#### **ACS**

- Adaptación Curriculares Significativas: Nas reunións de avaliación inicial, determinarase os alumnos/as que consideramos que precisan ACS e fixaranse prazos para a súa elaboración, garantindo que estén presentadas en inspección como moi tarde, no mes de Novembro. A orientadora proporcionará aos profesores que teñan que elaborar algunha AC para a súa materia, un modelo co formato do documento, que ha de ser común para todos.

- **Elaboración do Documento Individual de Adaptación Curricular (DIAC):** A xefa do DO elaborará o informe psicopedagóxico que formará parte deste documento, e cada un dos profesores das materias nas que o alumno precise ACS elaborará a programación individual

correspondente, co asesoramento da orientadora e da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.

Unha vez elaborado o documento completo será enviado á Inspección Educativa, solicitando a súa autorización, se procede.

## **REFORZO EDUCATIVO**

No presente curso 2020-21 contaremos con grupos de Reforzo Educativo nos seguintes niveis e materias

- 1º de ESO: Lingua Galega e Lingua Castelá.
- 2º de ESO: Lingua Galega e Lingua Castelá.

Nas reunións de avaliación inicial farase unha proposta de alumnado que participaría deses reforzos, aínda sendo unha medida reversible, e susceptible de variacións ao longo do curso, segundo a evolución do alumnado ou a detección de novas necesidades. .

## **APOIO DA MESTRA DE PEDAGOXIA TERAPEUTICA**

O apoio da mestra de PT ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo centrarase nos cursos 1º e 2º de ESO, especialmente nas materias instrumentais, e realizarase tanto dentro como fóra da aula. De ser necesario, pola presenza de alumnos con necesidades educativas especiais nos cursos 3º e 4º de ESO, tamén se contemplará a posibilidade de que estes alumnos reciban apoio da profesora de PT. Esta especialista encargárase asimismo de impartir os reforzos para o alumnado exento de Francés.

## **ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID 19**

As actividades propostas realizaranse de xeito presencial cando sexa posible e cando non sexa así empregarase a Aula Virtual do centro para colgar información e propostas. Asimesmo empregarase o correo electrónico como medio de comunicación co alumnado, as familias e o profesorado.

## **B.ACCION TITORIAL**

### **OBXECTIVOS**

- Actualización do Plan de Acción Titorial do centro.
- Ofrecer aos tutores recursos para as tutorías grupais.
- Colaborar cos tutores no seguemento do alumnado con necesidades educativas especiais e ou problemas de conducta.
- Colaborar cos tutores na comunicación coas familias do alumnado con necesidades educativas especiais, problemas de conducta ou naqueles casos nos que xurdan problemas concretos, tanto a nivel individual como grupal, e para os cales o titor pida a colaboración do departamento de orientación.

### **ACTUACIÓNS**

- Participar nas sesións de preavaliación e avaliación.
- Establecer, coordinadamente cos tutores, canles de comunicación coas familias nos casos en que sexa necesario un seguemento continuado e a búsqueda de implicación das familias para que apoiem o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e a súa axeitada integración no centro.



-Facer partícipes aos titores e titoras das pautas que nos poidan proporcionar servicios externos ao centro de cara a o mellor desenvolvemento posible dos alumnos e alumnas con algún tipo de dificultade, tanto a nivel académico como de integración e convivencia.

-Realizar reunións cos titores por niveis.

-Proporcionar aos titores recursos para desenvolver as titorías grupais e participar directamente nas mesmas nalgúns ocasións.

## **ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID 19**

As actividades propostas realizaranse de xeito presencial cando sexa posible e cando non sexa así empregárase a Aula Virtual do centro para colgar información e propostas. Asimesmo empregárase o correo electrónico como medio de comunicación co alumnado, as familias e o profesorado.

## **C. ORIENTACIÓN ACADÉMICO- PROFESIONAL**

No presente curso tratarase de elaborar un documento de POAP para a súa aprobación, se procede, pola CCP e polo Claustro.

### **OBXECTIVOS:**

- Favorece-lo proceso de maduración vocacional dos alumnos/as e a toma de decisións reflexiva, a través do autoconhecimento, a información sobre os distintos itinerarios académico-profesionais, etc.
- A formación para o Proceso de Toma de Decisións de xeito racional.
- Tratar de estimular o interese dos alumnos/as pola aprendizaxe e o logro dos obxectivos académicos, a través, entre outros medios, da información sobre as consecuencias das opcións que elixan en cada momento no referente a materias optativas, modalidade de Bacharelato, etc.
- Tomar as medidas necesarias para apoiar no proceso de ensino-aprendizaxe a aqueles alumnos/as que teñan dificultades para acadar os obxectivos propostos para o ciclo ou nivel en que se atopan.

### **ACCIÓNS PRIORITARIAS E TEMPORALIZACIÓN**

1º TRIMESTRE
--------------

- Ofreceráse asesoramento individualizado a aqueles alumnos/as e pais/nais que o soliciten en todo o referente a opcións académicas.

## 2º TRIMESTRE

- Ofreceráse asesoramento individualizado aos alumnos/as e os pais/nais que o soliciten.
- Levaranse a cabo charlas informativas por parte da Xefa do Dpto. de Orientación para cada grupo de alumnos/as de tódolos niveis que se imparten no centro. Entregarase a cada alumno un dossier coa información máis relevante para cada curso.
- Visita cos alumnos/as de 3º e 4º de ESO a centros que impartan ciclos formativos, para que coñezan directamente a súa oferta e se acheguen ós diferentes perfís profesionais. ( si o contexto covid o permite).
- Proponse a realización por parte dos tutores/as, nas horas de tutoría presencial, de actividades para traballar os seguintes aspectos:
  - Autocoñecemento: Análise dos diversos factores a ter en conta á hora de elixir un itinerario académico-profesional: as propias capacidades, intereses, motivación, valores, posibilidades económicas, historial académico, etc
  - Profundización no coñecemento das opcións académicas, centrándose nos intereses do alumnado. Esta información pódese ofrecer a través de material impreso existente no Dpto de orientación, e tamén a través de videos e programas informáticos disponibles.

- Formación no Proceso de Toma de Decisións reflexiva.

- Informar ao alumnado sobre os itinerarios formativos que se inician en 3º de ESO coa elección entre Matemáticas Académicas ou Matemáticas Aplicadas, e a súa concreción en 4º no itinerario académico, orientado á realización do Bacharelato, e o itinerario Aplicado, orientado cara os Ciclos de Formación Profesional.

### 3º TRIMESTRE

- Asesoramento individualizado ós alumnos/as e pais/nais que o soliciten.
- Realizaranse visitas co alumnado as Xornadas de Orientación académico-profesional que organizan distintas entidades: Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Concello de Ferrol e IES Leixa...( si o contexto covid o permite)
- Tratarase de organizar algunha visita a empresas de distintos sectores para os alumnos/as de 4º de ESO e PFB, co obxecto de que obteñan unha visión máis directa do mundo laboral (tarefas a desempeñar nos distintos postos de traballo, condicións laboráis, requisitos académicos e persoais para acceder a cada un dos postos, etc.). Estas visitas poderanse organizar en colaboración con outros departamentos, e sempre que o contexto covid o permita.
- Colaborar cos titores/as na proposta da opción académica máis apropiada para aqueles alumnos/as que xa están repetindo curso e non cumpren os requisitos para promocionar ou titular.

- Manter entrevistas cando sexa necesario con aqueles alumnos que na 2ª avaliación estean propostos como candidato a cada unha das opción académicas e axudarlles a trazar o seu itinerario académico-profesional.
- Buscar alternativas para os alumnos/as maiores de 15 anos que, pola súa traxectoria e situación académica non están en condicións de obter o Título de Graduado en Educación Secundaria, así como poñelos en contacto coa Oficina de Emprego e co Servicio Galego de Colocación.

## **METODOLOXÍA**

O método de traballo baséase na colaboración entre os titores/as e o Departamento de Orientación, xa que moitas das actividades de orientación académico-profesional deben ser desenvoltas polos titores/as con cada grupo de alumno/as. Por unha banda, dende o DO propóranse actividades para as sesións de titoría e asimesmo, ofrecerase apoio e asesoramento ós titores/as para realizar o asesoramento máis oportuno para cada alumno, especialmente nos casos nos que existen dificultades de aprendizaxe ou un historial escolar negativo.

O obxectivo que se pretende alcanzar é desenvolver a capacidade dos alumnos/as para a toma de decisións autónoma, baseándose na información que posúe sobre si mesmo, sobre o entorno académico e o mundo laboral. Polo tanto, non parece adecuado un enfoque directivo na toma de decisións, senón que prima a consideración de que debe ser o propio alumno/a o que tome as súas decisións, unha vez analizada e valorada toda a información que se lle ofrece.

## ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID 19

As actividades propostas realizaranse de xeito presencial cando sexa posible e cando non sexa así empregarase a Aula Virtual do centro para colgar información e propostas. Asimesmo empregarase o correo electrónico como medio de comunicación co alumnado, as familias e o profesorado.

## D. ACTIVIDADES RELACIONADAS COA CONVIVENCIA NO CENTRO

- Participación na Comisión de Convivencia do centro.
- Posta en marcha do **Plan de Mediación.**
- Crear un bano de recursos para a aula de Convivencia.

No caso de alumnos con problemas de conducta, proporanse programas de intervención ao profesorado e ás familias, e buscarse a colaboración, cando sexa necesario, de servicios externos, como o Equipo de Orientación Específico, os Servicios Sociais, a Unidade de Saúde Mental Infanto-xuvenenil, etc.

## ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO CON CONDUCTAS DISRUPTIVAS

Tratarase de establecer unha relación continua de colaboración co profesorado titor, así como cos Servicios Sociais dos concellos de procedencia do alumnado, para propor as estrategias que se consideren máis convintes para lograr o desenvolvemento adecuado do seu proceso educativo tanto no centro como ás familias.

## **ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID 19**

As actividades propostas realizaranse de xeito presencial cando sexa posible e cando non sexa así empregarase a Aula Virtual do centro para colgar información e propostas. Asimesmo empregarase o correo electrónico como medio de comunicación co alumnado, as familias e o profesorado.

### **E. ACTUACIÓN COS CENTROS ADSCRITOS**

Como xa se indicou no primeiro apartado, os centros adscritos ao IES Fernando Esquío son os seguintes:

- CEIP Maciñeira- Neda
- CEIP San Isidro- Neda.

Os dous centros adscritos comparten unha orientadora, coa cal se manterá contacto ó longo do curso, e coa que se realizará, alomenos, unha reunión trimestral.

Un dos obxectivos principais da colaboración cos centros de Primaria é facilitar a transición do alumnado da etapa e colexo no que cursan esta etapa ao Intituto e a etapa da ESO.

Unha das actividades que xa se ven levando a cabo no centro dende hai varios anos é unha xornada de acollida dos alumnos/as de 6º de primaria dos centros adscritos ao IES no mes de Xuño, na que se lles presenta o centro, as súas instalacións e se lles ofrece alguna información sobre o que suporá o cambio de centro e de etapa, co obxecto de que o centro lles vaia resultando algo familiar, quitar posibles medos, aclarar dúbidas...

Outra parte importante desta colaboración é que a orientadora, xunto cos titores/as de 6º curso nos proporcionan información relevante sobre as características do alumnado que imos recibir, dun valor inestimable para prever os recursos que imos precisar.

## **ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID 19**

As actividades propostas realizaranse de xeito presencial cando sexa posible e cando non sexa así empregárase a Aula Virtual do centro para colgar información e propostas. Asimesmo empregárase o correo electrónico como medio de comunicación co alumnado, as familias e o profesorado.

## **7. METODOLOXÍA**

A metodoloxía de traballo do Departamento de Orientación basearase, fundamentalmente, e tratar de que todas as accións que se levan a cabo sexan en coordinación e colaboración cos axentes da comunidade educativa implicados en cada unha delas, sexa alumnado, familias, profesorado, titores/a e equipo directivo.

No referente á atención á diversidade, a colaboración será especialmente estreita entre a orientadora e a mestra de Pedagogía Terapéutica, consensuando con ela, en todo o posible, as fórmulas curriculares, organizativas, metodolóxicas, etc, que nos faciliten proporcionar as respostas máis axeitadas ás necesidades do alumnado.

No eido da orientación académico-profesional, tratarase de acadar a máxima implicación dos aos titores/as dos grupos.

No desenvolvemento do Plan de Convivencia considérase fundamental a implicación de toda a comunidade educativa.



## 8. RECURSOS

Os recursos necesarios para o desenvolvemento das tarefas do Departamento de Orientación podémoslos clasificar en dous tipos:

### RECURSOS MATERIAS

- Precísase unha dotación económica para a adquisición de material bibliográfico, instrumentos de avaliación psicopedagóxica, e para recursos de apoio educativo ao alumnado con necesidades educativas especiais, dado que o departamento presenta carencias de material actualizado.
- Tamén se precisaría un novo ordenador para o despacho de orientación, dado que o que hai é moi antigo e ten un funcionamento moi lento.
- Dispónse xa dunha liña telefónica no departamento de orientación.
- Acceso aos diferentes servizos xerais do centro (reprografía, aulas de informática, aulas de audiovisuais, salón de actos, etc).

### RECURSOS PERSOAIS E ORGANIZATIVOS

- Reunións mensuais da orientadora cos titores, por niveis.
- Reunións periódicas da orientadora coa mestra de Pedagogía Terapéutica.
- Reunións de da orientadora e a mestra de PT coa orientadora dos centros adscritos.
- Aula Virtual do centro.
- Plataformas de video conferencias.

- Correo electrónico corporativo para a comunicación con alumnado, familias e profesorado.
- Disponibilidade para as reunión que poidan ser necesarias con diferentes axentes externos, os que se precise colaboración para a resolución de problemáticas concretas dalgúns alumnos/as ou grupos, tanto dentro como fóra do centro. Cando o contexto covid non permita realizar estas reunión de xeito presencial, trataremos de facelas mediante video conferencia.

## **9. AVALIACIÓN**

A avaliación do desenvolvemento da programación do Departamento de Orientación irase levando a cabo ó longo do curso, con diferentes metodoloxías e fontes de recollida de información, como poden ser os cuestionarios ao alumnado, profesorado e familias sobre a adecuación dos obxectivos propostos, o grao de consecución dos mesmos, adecuación dos recursos, suxerencias e suxerencias de mellora.

Na memoria final de curso reflectiranse os resultados desta avaliación.

## **ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID 19**

As actividades propostas realizaranse de xeito presencial cando sexa posible e cando non sexa así empregárase a Aula Virtual do centro para colgar información e propostas. Asimesmo empregárase o correo electrónico como medio de comunicación co alumnado, as familias e o profesorado.

## 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES PROPOSTAS POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN 2016-17

CURSO	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1º ESO	-Obradoiro de educación para a saúde a cargo da pediatra do centro de saúde de Neda	- obradoiro técnicas de estudo	
2º ESO	- Obradoiro de prevención de consumo de drogas. ASFEDRO	-Charla de orientación afectivo-sexual, a cargo de QUEROTE ou outra entidade que traballe este tema.	- Obradoiro de sensibilización cara as persoas con discapacidade. ASPA -Charla de orientación académica a cargo da orientadora do centro.
3º ESO		Charlas Garda Civil sobre: Drogas, uso de novas tecnoloxías.	Charlas de orientación académica a cargo da orientadora do centro. Visita a centros de formación profesional da comarca.
4º ESO		Charla de Educación vial a cargo de "Stop accidentes"	Charlas de orientación académica a cargo da orientadora do centro. Visita a centros de formación profesional da comarca.
1º BAC			Charlas de orientación académica a cargo da orientadora do centro. Visita a facultades universitarias ou feiras de orientación sobre estudos
2º BACH			Charlas de orientación académica a cargo da orientadora do centro. Visita a facultades universitariasou feiras sobre estudos superiores

### ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID 19

As actividades propostas realizaranse de xeito presencial cando sexa posible e cando non sexa así empregarase a Aula Virtual do centro para colgar información e propostas. Asimesmo empregarase o correo electrónico como medio de comunicación co alumnado, as familias e o profesorado.

Asdo: A xefa do Departamento de Orientación

Ana Isabel Hermida Rivera

Neda, 30 de setembro de 2020



